



Guía Docente				
Datos Identificativos				2023/24
Asignatura (*)	Criminoloxía	Código	612G01038	
Titulación	Grao en Dereito			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
1º e 2º Ciclo	1º cuatrimestre	Cuarto	Optativa	6
Idioma	CastelánGalegoInglés			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Dereito Público			
Coordinación	Fernández Bessa, Cristina	Correo electrónico	c.fernandezb@udc.es	
Profesorado	Brandariz Garcia, Jose angel Fernández Bessa, Cristina	Correo electrónico	jose.angel.brandariz@udc.es c.fernandezb@udc.es	
Web				
Descrición xeral	A criminología é unha ciencia social de carácter multidisciplinar cuxo obxecto de estudo é, por unha banda, a criminalidade e a desviación social e, por outro, o control social e a penalidad.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A1	Coñecemento das principais institucións xurídicas.
A2	Coñecer a función do Dereito como sistema regulador das relacións sociais.
A3	Percepción do carácter sistemático do ordenamento xurídico.
A4	Percepción do carácter interdisciplinar dos problemas xurídicos.
A5	Coñecemento dos principios e valores constitucionais.
A6	Comprensión das distintas manifestacións do dereito na súa evolución histórica e na súa realidade actual.
A8	Coñecementos básicos de argumentación xurídica.
A9	Capacidade para o manexo de fontes xurídicas (legais, xurisprudenciais e doutriniais).
A10	Capacidade de interpretar e analizar críticamente o ordenamento xurídico.
A11	Capacidade de comprender e de redactar documentos xurídicos.
A12	Manexo da oratoria xurídica. (Capacidade de expresarse apropiadamente en público).
A13	Dominio das novas tecnoloxías aplicadas ao dereito.
A14	Capacidade de elaboración de normas.
B2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo
B3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética
B5	Que os estudantes desenvolvesen aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía
B6	Aprender a aprender.
B7	Resolver problemas de forma efectiva, valorando a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.
B8	Aplicar un pensamento crítico, lóxico e creativo, entendendo, tamén, a importancia da cultura emprendedora.
B9	Traballar de forma autónoma con iniciativa tendo en conta a importancia da aprendizaxe ao longo de toda a vida.
B10	Traballar de forma colaborativa.
B11	Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán e como profesional.
B12	Comunicarse de maneira efectiva nun entorno de traballo, amosando capacidade de expresión tanto oral como escrita en calquera das linguas oficiais da comunidade autónoma, así como nun idioma estranxeiro.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.



C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben afrontarse.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Coñecer os aspectos básicos da criminoloxía como saber teórico	A4 A9 A10 A13	B6 B10 B5	C1 C4 C6
Ser capaz de aplicar o coñecemento criminolóxico a supostos xurídico-prácticos	A2 A8 A9 A10 A11 A12 A13	B7 B8 B10 B11 B12 B2 B3	C3
Analizar criticamente o Dereito vixente e as teorías criminolóxicas	A1 A2 A3 A4 A5 A6 A9 A10 A14	B6 B7 B8 B9 B10	C1 C3 C4 C7 C8

Contidos	
Temas	Subtemas
Tema 1: Obxecto de estudo da criminoloxía.	<ul style="list-style-type: none"> - Que estuda a criminoloxía? - Orixe da criminoloxía - A criminoloxía como ciencia social autónoma e empírica - O rol social da criminoloxía
Tema 2: Métodos de estudo da criminoloxía.	<ul style="list-style-type: none"> - Positivismo e interpretacionismo - Características da criminoloxía positivista - Métodos de investigación criminolóxica
Tema 3. As primeiras escolas.	<ul style="list-style-type: none"> - A escola clásica - A escola biolóxica - A actualidade destas discusións



Tema 4. Teorías criminolóxicas sociolóxicas	<ul style="list-style-type: none">- Escola de Chicago- Teoría da asociación diferencial- Teoría da anomia- Teoría das subculturas- Teoría do control- Teoría do etiquetamento- Criminoloxía crítica- Teorías integradoras
Tema 5. Prevención do delito.	<ul style="list-style-type: none">- Unha visión integral da prevención do delito- Plans de seguridade: xestión urbana da delincuencia- Avaliación das políticas públicas de prevención- Tipos de delincuencia
Tema 6. Forzas policiais.	<ul style="list-style-type: none">- O traballo policial- Modelos de policía- Os poderes da policía- O control da policía- Estudos criminolóxicos da policía- A entrada ao proceso penal
Tema 7. Sistema de xustiza penal. O filtrado da delincuencia a través do sistema de xustiza penal.	<ul style="list-style-type: none">- Delincuencia rexistrada e cifra negra do delito- Taxa de esclarecemento- Taxa de detención e procesamiento- Taxa de condena- Culpable e sentenciado/a
Tema 8. Sistemas penais.	<ul style="list-style-type: none">- Orixe e críticas á prisión- Quen hai en prisión- A entrada en prisión e clasificación en grao- A vida en prisión- A saída da prisión- O persoal da prisión- Supervisión da prisión
Tema 9. Política criminal.	<ul style="list-style-type: none">- Que é a política criminal?- Tendencias de política penal: o populismo punitivo- Factores protectores do punitivismo- É España un país punitivo?- Discusións contemporáneas

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Aprendizaxe colaborativa	A2 A3 A4 A5 A6 A8 A9 A10 A11 A12 A13 A14 B6 B7 B8 B9 B10 B11 B12 B2 B3 B5 C1 C3 C4 C6 C7 C8	11	33	44
Discusión dirixida	A1 A2 A3 A4 A5 A6 A8 A12 A13 B6 B7 B8 B9 B10 B11 C1 C7 C8	17	0	17



Estudo de casos	A2 A3 A4 A5 A6 A8 A12 A13 B6 B7 B8 B9 B10 B11 C1 C7 C8	16	32	48
Sesión maxistral	A2 A3 A4 A5 A6 A8 B6 B7 B8 B9 B11 C1 C7 C8	36	0	36
Proba obxectiva	A1 A2 A3 A4 A5 A6 B6 B7 B8 B9 B11 C1 C7 C8	3	0	3
Atención personalizada		2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Aprendizaxe colaborativa	Os estudantes traballarán en grupo diversos temas, debendo mostrarse activos e colaboradores cos compañeiros do seu grupo
Discusión dirixida	Discusións críticas sobre temas criminolóxicos
Estudo de casos	A praxe é un dos elementos chave da nosa disciplina. Por iso, a análise e resolución de casos prácticos na clase será un dos elementos basilares do desenvolvemento da docencia
Sesión maxistral	Mediante o sistema de lección maxistral o docente introducirá ao estudante nos aspectos básicos de cada tema
Proba obxectiva	Realización de preguntas sobre os temas do programa da materia

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral Proba obxectiva Aprendizaxe colaborativa Discusión dirixida Estudo de casos	A atención personalizada ao estudante non estará vinculada a só unha metodoloxía, senón que será constante. Neste sentido, tanto o contido das clases teóricas como o estudo persoal do alumno, como calquera das actividades que integran o curso contarán coa posibilidade dunha titorización por parte do docente, a fin de que o estudante poda formular as súas dúbidas e dificultades e que o docente poda axustar as súas metodoloxías ás especificidades da persoa concreta. A estes efectos, o estudante poderá contar con atención personalizada (sempre, loxicamente, dun modo organizado) tanto nas horas lectivas como nos horarios de titorías.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Proba obxectiva	A1 A2 A3 A4 A5 A6 B6 B7 B8 B9 B11 C1 C7 C8	Realización de preguntas sobre os temas do programa da materia	70
Aprendizaxe colaborativa	A2 A3 A4 A5 A6 A8 A9 A10 A11 A12 A13 A14 B6 B7 B8 B9 B10 B11 B12 B2 B3 B5 C1 C3 C4 C6 C7 C8	Os estudantes traballarán en grupo diversos temas, debendo mostrarse activos e colaboradores cos compañeiros do seu grupo	10
Discusión dirixida	A1 A2 A3 A4 A5 A6 A8 A12 A13 B6 B7 B8 B9 B10 B11 C1 C7 C8	Debate sobre temas criminolóxicos	5
Estudo de casos	A2 A3 A4 A5 A6 A8 A12 A13 B6 B7 B8 B9 B10 B11 C1 C7 C8	A praxe é un dos elementos chave da nosa disciplina. Por iso, a análise e resolución de casos prácticos na clase será un dos elementos basilares do desenvolvemento da docencia	15



Observacións avaliación

Dado que a Criminoloxía non é un saber normativo, senón esencialmente empírico, a avaliación estruturase do seguinte modo: o 30% da nota virá determinada pola realización e entrega das actividades prácticas propostas durante as sesións interactivas o 70% virá dado pola cualificación acadada nun exame teórico sobre a docencia expositiva, a realizar na data prevista na planificación do curso. A segunda oportunidade constará dun exame teórico que computará o 70% da nota. O resultado desta proba engadirase á nota das actividades prácticas realizadas durante o curso (30%). As actividades prácticas non poderán repetirse. A realización fraudulenta das probas ou actividades de avaliación, unha vez comprobada, implicará directamente a cualificación desuspenso (0) na materia correspondente. A avaliación do estudantado a tempo parcial a quen se lle estime a dispensa de asistencia a clase será mediante un exame teórico a realizar na data prevista na planificación do curso, que suporá o 100% da nota da materia.

Fontes de información

Bibliografía básica	- Larrauri, Elena (2018). Introducción a la criminología y al sistema penal. Madrid: Editorial Trotta Ao filo dalgunhas leccións os docentes poderán por a disposición do estudantado bibliografía complementaria. Asemade, os docentes poderán entregar ao estudantado os apuntamentos da materia.
Bibliografía complementaria	- Varona Gomez, Daniel (2023). El sistema punitivo Español. Atelier

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Dereito Penal. Parte xeral/612G01010

Dereito Sancionador/612G01020

Dereito Penal. Parte especial/612G01025

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Dereito Penitenciario/612G01039

Materias que continúan o temario

Observacións

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías